# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# CURSO 2019/2020

**CENTRO: IES SAN PAIO**

**CURSO: 1º BACHARELATO**

**MATERIA: FRANCÉS**

**DEPARTAMENTO: FRANCÉS (Dolores González Budiño e Cristina Lemos Davila)**

**DATA : 12 MAIO 2020**

| |
|---|
| **Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.** |

# ÍNDICE

**1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias imprescindibles, procedementos e instrumentos de avaliación.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**

**4. Información e publicidade.**

| Segunda lingua extranxeira (francés) 1º BAC | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Instrumentos de avaliación |
| Bloque 1.Comprensión de textos orais | | | |
| B1.2. Identifica a información esencial en textos orais breves ou de lonxitude media,nun rexistro formal ou informal , e que traten de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes , ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.<br><br>B1.3. Comprende o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.).<br><br>B1.4. Comprende conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, sensacións e sentimentos básicos<br><br>B1.5. Comprende presentacións sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios,con apoio de imaxes. | SLEB1.2. Capta os puntos principais de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada.<br><br>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.).<br><br>SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes).<br><br>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal , opinións xustificadas sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade.<br><br>SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais e anuncios publicitarios. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | -Análise de producións do alumnado:<br><br>Realización de exercicios de comprensión oral.<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br><br>Exercicios de comprensión oral en distintos soportes. (verdadeiro/falso, respostas múltiples...)<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br><br>Exercicios de comprensión oral en distintos soportes.<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>Exercicios de comprensión oral en distintos soportes(“écoute”/exercicio comprensión oral.)<br>-Análise de producións do alumnado:<br>Exercicios de comprensión oral en distintos soportes.<br><br>Análise de producións do alumnado:<br><br>Exercicios de comprensión oral en distintos soportes( unha entrevista en televisión, documental,etc.) |

<table>
<tr><th colspan="4">Segunda lingua extranxeira (francés) 1º BAC</th></tr>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Estándares de aprendizaxe</th><th>Competencias Clave</th><th>Instrumentos de avaliación</th></tr>
<tr><th colspan="4">Bloque 2.Produción de textos orais</th></tr>
<tr><td rowspan="2">B2.2. Produce textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara.<br><br>B2.3. Intercambia información en situacións de comunicación do alumnado e menos habituais, coma expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais.<br><br>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, ou informal.<br><br>B2.5. Sabe intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos.</td><td>SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos e respondendo a preguntas sinxelas.<br><br>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais , intercambiando información sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos.</td><td>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC</td><td>-Análise de producións do alumnado:<br><br>Exposicións orais e/ou vídeos gravados polos alumnos.<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br><br>Exercicios de expresión oral: de interacción (jeux de rôle).</td></tr>
<tr><td>SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos ou lecer).<br><br>SLEB2.4. Participa en conversas informais sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións.</td><td>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD</td><td>-Análise de producións do alumnado:<br><br>Probas de expresión oral: exercicios de interacción (jeux de rôle)<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br><br>Probas de expresión oral: exercicios de interacción (jeux de rôle).</td></tr>
</table>

| Segunda lingua extranxeira (francés) 1º BAC | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Instrumentos de avaliación |
| Bloque 3.Comprensión de textos escritos | | | |
| B3.1. Utiliza estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema , identificando a información máis importante.<br><br>B3.2. Segue instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público ou persoal<br>.<br>B3.3. Comprende información relevante en textos descritivos ou narrativos breves onde se falan de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.<br><br>B3.5. Identifica a información esencial en textos, estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal , que traten asuntos cotiáns, temas relevantes para os propios estudos ou as ocupacións. | SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos,sobre temas do seu interese.<br><br>SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).<br><br>SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.<br><br>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.<br><br>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos do seu nivel.<br><br>SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.). | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | -Análise de producións do alumnado:<br>Lectura e comprensión de textos xornalísticos seleccio-nados.<br>Exercicios de comprensión escrita ( discriminar afirma-cións verdadeir/falso nun texto xornalístico, emparellar textos con imaxes ou títulos,etc.).<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>exercicios de comprensión escrita(extrae información de un comunicado ou anuncio).<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>Exercicios de comprensión escrita( instrucións, nor-mas..).<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>Exercicios de comprensión escrita( responde a pregun-tas sobre o argumento, carácter, características,etc. de lecturas seleccionadas)<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>Exercicios de comprensión escrita (cartas e/ou blogs..) |

| Segunda lingua extranxeira (francés) 1º BAC | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Instrumentos de avaliación |
| Bloque 4.Produción de textos escritos | | | |
| B4.2. Completa documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br><br>B4.3. Escribe mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.<br><br>B4.4. Produce correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos.<br><br>B4.5. Escribe textos breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal ou informal. | SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal na que describe experiencias e sentimentos; narra actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas de interese persoal ou educativo.<br><br>SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.<br><br>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas.<br><br>SLEB4.5. Escribe informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descricións e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | -Análise de producións do alumnado:<br>Produción de cartas, mails, narracións,etc.<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>Cumprimentar un cuestionario.<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>-Redacción de notas, mensaxes.<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>Facer unha exposición escrita breve sobre un tema educativo. |

| Segunda lingua extranxeira (francés) 1º BAC | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Instrumentos de avaliación |
| Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe | | | |
| B5.2. Utiliza as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes.<br><br>B5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e | SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.).<br><br>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | -Análise de producións do alumnado:<br>Exercicios/actividades de expresión oral e escrita.<br>Traballos solicitados durante o curso. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| películas, etc.).<br><br>B5.6. Distingue e emprega os patróns discursivos de uso máis habitual (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).<br><br>B5.7. Recoñece e utiliza un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións. | (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.<br><br>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.<br><br>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia, utilizando adecuadamente o léxico e as estructuras sintáctico-discursivas seguintes: (1) | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD<br><br>CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | -Análise de producións do alumnado:<br>Exercicios/actividades de expresión oral e escrita.<br><br>-Análise de producións do alumnado:<br>Probas/exercicios/actividades de expresión e comprensión oral e escrita.<br>-Probas específicas: control oral, escrito (expresión e comprensión). |

# 2. Avaliación e cualificación.

## 2.1. A cualificación do traballo do alumnado anterior á suspensión das actividades lectivas será a media entre as notas da primeira e a segunda avaliación.

## 2.2. Para a cualificación final ordinaria do mes de xuño.

**As actividades realizadas na terceira avaliación poderán mellorar a cualificación media obtida nos dous primeiros trimestres**, antes da suspensión das actividades lectivas presenciais, **como máximo dous puntos**.

- **Alumnado aprobado antes da interrupción da actividade lectiva presencial**.

  - Cualificarase o seu traballo na 3ª avaliación ( ata un máximo de 2 puntos) e sumarase á nota da media das dúas primeiras avaliacións, sendo o resultado máximo un 10.

**Alumnado suspenso antes da interrupción da actividade lectiva presencial.**

  - Cualificarase o seu traballo de recuperación . De resultar aprobado (deberá chegar á nota mínima, un 5) poderá optar a mellorar a nota media ( ata un máximo de 1 punto) realizando as tarefas de repaso/reforzo da 3ª avaliación.

## 2.3. Para cualificar a terceira avaliación  seguiranse os seguintes criterios:

➢ **Alumnado aprobado antes da interrupción da actividade lectiva presencial**

| Procedementos e instrumentos de avaliación | Observacións | Ponderación |
|---|---|---|
| ▪ **Actividades/tarefas de comprensión/expresión oral e/ou escrita**<br>Análise de produción do alumnado:<br>Realización e entrega de exercicios (gramaticais, comprensión,etc.), redaccións, resumos,audios, diálogos,textos, correos, presentacións, investigacións. | - A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas actividades/tarefas. | 100% |

➢ **Alumnado suspenso antes da interrupción da actividade lectiva presencial**

| | | |
|---|---|---|
| ▪ **Actividades/ tarefas de comprensión/expresión escrita.**<br>Análise de produción do alumnado:<br>Realización e entrega dos exercicios (gramaticais, comprensión) e das redaccións propostas para a recuperación. | - A nota deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas nas distintas actividades/tarefas. | 40% Exercicios<br>60% Redacción |

## 2.4. Actividades/tarefas de repaso , reforzo, ampliación e de recuperación.

- **Alumnado aprobado antes da interrupción da actividade lectiva presencial.**

Non terán que facer as actividades de recuperación, pero si as de repaso, reforzo e ampliación para poder mellorar a súa cualificación final.

- **Alumnado suspenso antes da interrupción da actividade lectiva presencial.**

Terán que realizar as actividades de recuperación, nas que deberán obter unha cualificación de 5, para poder aprobar o curso.
Para poder mellorar a súa cualificación final terán que realizar as actividades de reforzo, repaso da 3ª avaliación.

## 2.5. Para a cualificación final extraordinaria do mes de setembro.

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño realizarán unha proba escrita ou telemática , dependendo das circunstancias sanitarias, no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificada de 1 a 10 para o nivel de ESO e Bacharelato.
A proba de setembro versará sobre os contidos mínimos mencionados no punto 1 desta addenda e que fan referencia ao visto na 1ª e 2ª avaliación. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

A metodoloxía didáctica será o máis activa e participativa posible, de xeito tal que permita ao alumnado implicarse nas tarefas que deben realizar, utilizando procedementos variados que resulten dinámicos e áxiles. Terán en conta o que xa saben para servir de apoio e reforzar e ampliar.

Animará á reflexión, á dedución de conclusións a partires de observacións ou de exploracións. Utilizarán técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.

Favorecerá a autoavaliación como ferramenta para poñer de relevo a realidade e xulgala obxectivamente.

Durante o terceiro trimeste, sen clases presenciais, desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e , no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente. Farase especial fincapé nas competencias lingüísticas, dixital, aprender a aprender tentando tamén de desenrolar as competencias de conciencia e expresións culturais e a de conciencia e expresións sociais. Fundamentalmente serán actividades de comprensión/expresión escrita, comprensión /expresión oral, exercicios gramaticais, produción de textos escritos, etc., adaptadas a cada nivel.

O medio de comunicación e de relación co alumnado no proceso de acompañamento na aprendizaxe será a aula virtual do centro e/ou o blog P*ratiquons le françai*s. Na aula virtual e no blog estarán os recursos que precise o alumnado para facilitar a aprendizaxe por canles virtuais, así mesmo especificaranse que actividades son de reforzo,repaso e ampliación e cales de recuperación. O traballo será semanal e estará secuenciado en sesións, algunhas das actividades ou tarefas serán recollidas polas docentes a través da aula virtual e serán supervisadas e/ou corrixidas.

As docentes estarán en comunicación co alumnado na aula virtual ( aula moodle virtual do centro) e/ou o blog *Pratiquons le français*, así coma a través da mensaxería, dos foros , e mesmo o teléfono, se fora necesario para solucionar as dúbidas do alumnado.

**Os materiais e recursos** que se utilicen serán:

- Aula virtual do centro ( moodle)
- Blog *Pratiquons le français*
- Libro do alumno:
  *C'est à dire lycée.*

- Material elaborado e proporcionado polas docentes (fotocopias, fichas).
- Recursos con actividades de recuperación, reforzo, repaso e ampliación.
- Vídeos e recursos TIC serán tamén empregados.

# 4. Información e publicidade

Esta modificación da programación didáctica do curso 2019-20 será publicada na páxina web do centro (Departamento de francés). O alumnado será informado, tamén, a través das aulas virtuais e o blog de onde poden atopar a información.